

COMENTARIO DE TEXTO

“Estes potentes berros, lanzados por centos de valentes peitos xuvenís, atronaban as rúas céntricas da capital. Unha proba patente da debilidade do goberno é que non se atreveu a utilizar a policía armada para reprimir a manifestación. A forza pública recibira instrucións de retirarse (...). Ó pasar a manifestación diante do Ministerio de Gobernación, recrudecéronse os berros dos estudantes contra a Falanxe e contra o réxime. O público acollía a manifestación cun grande alborozo, con signos emocionantes de simpatía. Os estudantes antifranquistas foron donos ese día das rúas céntricas da capital durante preto dunha hora. O tráfico foi paralizado por completo na rúa de Alcalá”.

“Art. 1.-O Estado español proclama como principio rector dos seus actos o respecto á dignidade, a integridade e a liberdade da persoa humana, recoñecendo ó home, en canto portador de valores eternos e membro da comunidade nacional, titular de deberes e dereitos (...).

Art. 2.-Os españois deben servizo fiel á Patria, lealdade ó Xefe do Estado e obediencia ás leis (...).

Art. 6.-A profesión e práctica da relixión católica, que é a do Estado español, gozará da protección oficial. Ninguén será molestado polas súas crenzas relixiosas nin o exercicio privado do seu culto. Non se permitirán outras cerimoniais nin manifestacións externas que as da relixión católica (...).

Art. 10.-Tódolos españois teñen dereito a participar nas funcións públicas de carácter representativo, a través da familia, o municipio e o sindicato (...).

Art. 12.-Todo español poderá expresar libremente as súas ideas mentres non atenten contra os principios fundamentais do Estado”.